

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

*EXTRACTO da Orde do 28 de outubro de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras da concesión das axudas temporais e excepcionais aos sectores agrarios máis desfavorecidos pola incidencia da crise do COVID-19, cofinanciadas polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020, e se convocan as axudas para o ano 2020 (códigos de procedemento MR436E e MR436F).*

BDNS (Identif.): 530487.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de datos nacional de subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>).

Primeiro. *Persoas beneficiarias*

Poderán ser persoas beneficiarias destas subvencións as seguintes persoas físicas e xurídicas:

Atendendo ao punto anterior, poden ser beneficiarias destas axudas:

- a) As persoas titulares das explotacións agrarias de flor cortada.
- b) As persoas titulares dos viveiros de planta ornamental.
- c) As asociacións, agrupacións, organizacións de produtores de flor cortada ou planta ornamental ou as persoas das alíneas anteriores, que realicen a comercialización dos produtos dos seus socios.
- d) As persoas titulares de explotacións agrarias con orientación produtiva cárnica de vacún.

Segundo. *Obxecto*

O obxecto destas axudas é garantir a continuidade da actividade empresarial nos sectores de flor cortada e planta ornamental e no de vacún de carne.



**Terceiro. Bases reguladoras**

Orde do 28 de outubro de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras da concesión das axudas temporais e excepcionais aos sectores agrarios máis desfavorecidos pola incidencia da crise do COVID-19, cofinanciadas polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020, e se convocan as axudas para o ano 2020 (códigos de procedemento MR436E e MR436F).

**Cuarto. Importe**

A axuda consistirá nun pagamento a tanto global segundo:

a) Axudas para a continuidade do sector de flor cortada, planta ornamental e a súa comercialización serán:

a. No caso de produtores, en función das unidades de traballo:

- i. Menos de 0,5: 1.750 €.
- ii. Entre 0,5 e menos de 1: 3.500 €.
- iii. Máis de 1: 7.000 €.

b. No caso de comercializadores, en función do número de socios produtores, ou no caso de seren produtores que comercializan en función do número de unidades de traballo respectivamente:

- i. Entre 1 e 5: 6.250 €.
- ii. Entre 6 e 10: 18.750 €.
- iii. Entre 11 e 15: 31.250 €.
- iv. Entre 16 e 20: 43.750 €.
- v. Máis de 20: 50.000 €.



b) Axudas para a continuidade do sector de vacún de carne. A contía individualizada da axuda para cada persoa titular calcularase en función dos seguintes tramos de vacas nutrices presentes na explotación na data sinalada:

- i. 10 a 19 nutrices: 900 €.
- ii. 20 a 29 nutrices: 1.250 €.
- iii. 30 a 39 nutrices: 1.750 €.
- iv. 40 a 49 nutrices: 2.250 €.
- v. 50 a 59 nutrices: 2.750 €.
- vi. 60 a 69 nutrices: 3.250 €.
- vii. 70 a 79 nutrices: 3.750 €.
- viii. 80 a 89 nutrices: 4.250 €.
- ix. 90 a 99 nutrices: 4.750 €.
- x. 100 a 109 nutrices: 5.250 €.
- xi. 110 a 119 nutrices: 5.750 €.
- xii. 120 a 129 nutrices: 6.250 €.
- xiii. 130 a 139 nutrices: 6.750 €.
- xiv. 140 ou máis nutrices: 7.000 €.

O importe máximo da axuda non poderá superar os 7.000 € por produtor e os 50.000 € por peme comercializadora.

As persoas solicitantes poderán beneficiarse das axudas por produtor e por comercializador se reúnen os requisitos para cada unha delas.



No caso de que o crédito dispoñible non sexa suficiente para facer fronte a todos os beneficiarios, procederase ao rateo, segundo o establecido no artigo 19.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, atendendo a criterios de proporcionalidade.

Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes*

O prazo de presentación de solicitudes será dun (1) mes contado a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 28 de outubro de 2020

Silvestre José Balseiros Guinarte  
Director xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias

